

De 16 a 119 anos

A IRA DOS MANSOS

O cadaver dunha nena con síndrome de down aparece nos terreos do edificio Bandeira en Vigo. Para resolver o crime, o inspector Carlos Manso ten que percorrer os intestinos da delincuencia viguesa e internacional. O inspector movese habilmente polos diversos escenarios da cidade e vive, ao tempo, un proceso que derruba as súas barreiras emocionais.




IZAN O DA SACA



O Fiscal Superior de Xustiza recibe do seu editor un paquete que contén, ademais dun cartafol con noticias de varias mortes sen relación aparente, unha novela. Nela, un taxista con infulas investigadoras e lector empedernido acepta o delicado encargo dun coñecido político e empresario galego: desentrañar un suposto pasado nazi co que os seus inimigos poden relacionalo.

EL PROBLEMA DE LOS TRES CUERPOS

O rei da ciencia ficción chinesa chega en castelán tras gañar o premio Hugo 015 á mellor novela e vender un millón de exemplares tan só en China. Esta obra esperta unha grande expectativa desde que Barack Obama confesou tela lido o pasado Nadal e Mark Zuckerberg (o creador de Facebook) a seleccionou como a primeira novela do seu famoso club de lectura. O primeiro libro desta triloxía, *El problema de los tres cuerpos*, empeza no contexto da Revolución Cultural China, cando un proxecto militar secreto envía sinais ao espazo para contactar con extraterrestres.



TODO ESTO TE DARÉ



Na Ribeira Sacra, Álvaro sofre un accidente que acabará coa súa vida. Cando o seu marido, Manuel, chega a Galicia para recoñecer o cadáver, descobre demasiada celeridade en pechar o caso. O rexeitamento da súa poderosa familia política fai que queira fuxir canto antes, pero o alegato dun garda civil xubilado, Nogueira, contra os privilexios da familia de Álvaro e a sospeita de que esa non é a primeira morte que parece accidental, conseguen que Manuel, coa axuda de Nogueira e Lucas, un sacerdote amigo da infancia de Álvaro, trate de reconstruír a vida secreta de quen crían coñecer ben.



Bibliotecas
escolares
de Galicia



BO NADAL

www.bibliovilarponte.blogspot.com

Síguenos en instagram:

bibliovilarponte

Teléfono: 982 870 909

Correo-e: bibliovp@gmail.com

**REGALA MAXIA.
REGALA UN LIBRO BO NADAL**

Nadal 2016

LE, LEE, READ, পড়া, LISE, 讀
LIES, LEGGI, CITITI, LEZEN, اقرأ




**Suxestións de lecturas e
agasallos de libros para Nadal**

Felices festas!

A partir dos 12 anos

ESMERALDINA, A PEQUENA DEFUNTA

O Hotel Fantastique está no medio do Salvaxe Oeste. Nas súas cocifias a pequena Esmeraldina é feliz, aprendendo todos os trucos culinarios da man da súa avoa A Tremenda, unha chef de sona mundial. A vida avanza entre pucheiros ata que un andazo de febre escarlatina acaba coa vida da nena.




JULES VERNE E A VIDA SECRETA DAS MULLERES PLANTA



O 21 de maio de 1884 Jules Verne chegou a Vigo a bordo do seu imponente iate. O afamado novelista levaba moito tempo atrás da pista das misteriosas mulleres planta. Lograría por fin, logo de tantos anos de busca, atopalas naquela baía? Na botica do vello Philipot custodiase un importante segredo: ali, aparentando normalidade, viven a avoa Melisa e Violeta, dúas mulleres rodeadas dun halo de misterio. A chegada de Jules Verne a botica revolucionara as vidas desta singular familia.

UN MONSTRO VÉN A VERME

A grave doenza da nai, a difícil relación coa avoa, a distancia que o separa do pai, os problemas na escola... Conor ten que asumir a verdade. Emocionante, divertida e conmovedora, unha novela sobre o amor, a perda e a esperanza.




HARRY POTTER Y EL LEGADO MALDITO

Sempre foi difícil ser Harry Potter e, agora que é un empregado con traballo de máis no Ministerio da Maxia, marido e pai de tres nenos, as cousas non van ser máis doadas. Mentres Harry se enfrenta ao pasado que se resiste a permanecer no seu lugar, o seu fillo menor debe loitar co peso dunha herencia familiar que nunca quixo. Cando pasado e presente se fusionen, pai e fillo descubrirán unha verdade incómoda: ás veces, a escuridade vén de lugares inesperados.

A partir dos 14 anos

EL SECRETO DEL ESPEJO

Século I d.C.: Yilda foxe dunha norte segura á mans dos druidas aos que serviu desde que morreu a súa familia, sendo ela moi pequeña. Deses crueis sabios aprendeu a sandar enfermidades, a curar feridas e a relacionarse coa natureza dunha forma moi especial.



XA NON ESTOU AQUÍ

Anxela repite 1º de Bacharelato obrigada polos seus pais. A súa vida sofre un cambio rotundo cando, a comezo de curso, meses antes da súa misteriosa desaparición, coincide con Maria, que a seduce para integrala nos Murnios, un grupo de hábitos diferentes ao resto de compañeiros e compañeiras.


LADY MIDNIGHT

Paixón, *glamour* e criaturas demoniacas nesta nova e moi esperada triloxía de Cassandra Clare. Pasaron cinco anos desde que os pais da cazadora de sombras Emma Carstairs foron asesinados e desde entón a súa filla non parou de buscar ao culpable. Ela, xunto co seu *parabatai* Julián, empezan a investigar unha demoniaca trama que se estende polos lugares máis glamorosos: desde Los Ángeles ata as praias de Santa Mónica...



A CAIXIÑA DOS RENCORES

A xuíza Felpeto, acabada de chegar a localidade costeira de Valdomar, revoluciona a vila coas súas orixinais sentenzas. Cando Estevo e obrigado a pasar todo o verán visitando a Chiruca, a ancia a que atropelara co seu ciclomotor, imaxina unhas soporíferas xornadas aturando as historias daquela muller que cruzara polo paso de cebrá sen mirar. Pero todo cambia cando a casualidade fai que o mozo descubra un segredo que ten na súa cerna a Chiruca e que ela mesma descoñece.




GENTE QUE VIENE Y BAH




Bea, arquitecta nova, talentosa e atractiva, unha de dúas, ou é parva, ou o seu karma é tirando a pésimos: nunha semana cacha ao seu prometido nunha situación comprometida cunha das presentadoras máis guapas da televisión, primeiro, e acto seguido, é despedida cunha indemnización ridícula. Nestas, Bea non ten máis remedio que voltar á súa vila natal, onde a espera un futuro incerto, unha familia un pouco peculiar e un veciño misterioso.

O CAMIÑO DA ESTADEA

Unha videochamada ía mudar a vida de Said e Sheila para sempre. Levaban semanas sen intercambiar impresións des que Said se instalara en Suíza, onde vivía con Irina e traballaba nun laboratorio de investigación. Os tres amigos foran convidados a participar na inauguración dun gran centro comercial en Bambari, na África Central, o maior complexo do continente, un acontecemento global ao que ía moita xente famosa de diferentes ámbitos. Todo o que pasou logo foi algo raro, que non era o esperado nin remotamente, para unha viaxe de lecer, algo que non lles cadraba e que os obrigará a comprometerse e asumir riscos.



EUROPA EXPRESS



Aroa, Xacobe, Nico, Beatriz, Óscar, Piero e Mía deciden viaxar xuntos por Europa en Interrail ao rematar o Bacharelato. Descubrirán a vida en liberdade e a complexidade das relacións persoais, marcadas polo carácter de Xacobe. Dez anos despois da viaxe, Nico logra contactar c@s compañeir@s de viaxe e organiza unha festa de reencontro a partir da cal irán aflorando todos os matices que permitirán aclarar as causas daquel fatídico acontecemento.

AS PALABRAS PODEN MATAR

Na colonia Seavia, morren cada ano máis de trinta mulleres, homes e nenos vítimas da violencia. Os seus habitantes están todos xordos, mudos e cegos, porque saben que as palabras poden matar. Todos agás o Chibo e os seus sicarios, que campan polo barrio como amos e señores de todos os que alí malviven. Cando aparece Silencio, un guedellán que só fala coas mans e coa faciana, ninguén sabe que a súa presenza mudará a vida dun barrio sen soños nin esperanzas, onde ninguén cre nos milagres e cuxos habitantes non miraban adiante e tampouco querían mirar atrás.

